



esquerda **unida**-os verdes

Programa Electoral Municipais 2015

Documento creado a partir da información recollida o día **6 de maio de 2015** dende a páxina web <http://programaeumonforte.jimdo.com>

Un novo concello para un novo país

A reforma por parte do bipartidismo no ano 2011 do artigo 135 da Constitución Española (priorizar o pago da débeda externa en menoscabo de servizos esenciais como Educación, Sanidade, I+D, políticas de emprego...) deu inicio ó período máis salvaxe de ataque ás clases populares do noso país. Lonxe de melloralala situación, as reformas da austeridade incrementaron o desemprego, a precariedade laboral e a desigualdade. A protección social e os dereitos básicos están sendo desmantelados, como ben saben os usuarios do noso Hospital ou as persoas en risco de exclusión social que xa non atopan o amparo da Administración ante unha situación que non foi creada pola cidadanía senon pola élite financeira e as grandes empresas especuladoras.

No contexto local, Monforte leva tres lexislaturas baixo un goberno que, autodefiníndose de esquerdas, nos últimos anos incrementou a externalización de servizos: a oficina de turismo, a oficina de recadación, o servizo de atención a dependentes, a concesión dos servizos da piscina municipal (hoxe en ERE) son os exemplos máis recentes. Ademáis, mantén unha inoperancia constante ante os posibles incumprimentos de contrato por parte da concesionaria do servizo municipal da auga, Aqualia. Unha empresa que leva anos recibindo numerosas queixas por parte da veciñanza.

Na última década Monforte experimentou unha perda notable de habitantes chegando a contar actualmente con 19.201 hab (voltase ao ano 1996). A decadencia da industria contrasta co proxecto ilusorio do Porto seco, unha infraestrutura que supera os 10 millóns de euros de inversión sen acadar a día de hoxe a implantación dunha soa empresa de mercadorías. Ou obras máis recentes coma o paseo do río Cabe entre o Parque dos Condes e Piñeira, cun custe de execución de 2,8 millóns de euros coa axuda de fondos FEDER que ben puideran ter servido para a posta en marcha dun plan de choque para o emprego. Ou futuras obras como a A-76 (autoestrada Ponferrada-Ourense) cun custe de 1221 millóns de euros que non serán destinados a promover o emprendamento empresarial, a Investigación e a subsecuente creación de emprego. Por outra beira o abandono e o deterioro dos barrios e do emblemático casco histórico da nosa vila é cada vez máis preocupante.

Ante este panorama, Esquerda Unida reclama un cambio radical das políticas municipais. Un cambio social, un cambio de esquerda. Un cambio que debe comezar por recuperar o Concello como Casa do Pobo, a transparencia e a participación dos veciños e veciñas como principios básicos para un novo concello. Tódalas persoas somos afectadas por decisións políticas polo que tódalas persoas deben participar en maior ou menor medida na política, só o pobo salva ao pobo.

Rexeneración Democrática

Nos últimos tempos vemos coma a falta de transparencia e de control cidadá na vida pública trouxo consigo a aparición de estruturas clientelares e actitudes pouco ou nada democráticas nos distintos gobernos. Garantir a transparencia e delimitar as relacións entre os cargos públicos e empresas privadas é unha das prioridades de EU-SON para rexenerar o poder democrático no noso concello. Por iso propoñemos:

1-Limitación do mandato a 2 lexislaturas (8 anos) e do salario do alcalde e dos concelleiros de xeito que nunca se supere tres veces o salario SMI.

2- Revogación do Mandato e Moción de Censura Cidadá.

3- Declaración de incompatibilidades dos membros da Xunta de Goberno coa titularidade de obras, servizos ou suministros co Concello, patronatos ou empresas e sociedades.

4- Publicación dos salarios dos concelleiros/as e dos postos de libre designación así como das asignacións económicas aos grupos políticos.

5- Publicación na páxina web do Concello dos orzamentos e contas municipais así como do seu grado de execución, das axudas públicas e subvencións, dos contratos públicos, etc.

6- Publicación de ordenanzas municipais, modificacións e das actas dos plenos do Concello.

7- Estatuto de Laicidade Municipal garantindo a neutralidade do Concello en asuntos relixiosos e non intromisión dos cargos públicos en actos confesionais.

8- Publicación dunha Ordenanza de Memoria Histórica na que se inclúa a total eliminación dos símbolos, figuras e nomes asociados á ditadura franquista tal e como dicta a Lei de Memoria Histórica.

Participación Cidadá

9- Orzamentos participativos na xestión, xestión e control.

10- Novo regulamento de participación cidadá ca inclusión de asembleas de barrio ou parroquia, eleccións de delegados/as no Consello Veciñal.

11- Creación do Consello Veciñal e participación dun representante do mesmo no Pleno do Estado do Concello.

12- Creación do Valedor do Veciño/a-

13- Desenrolar mecanismos para a participación nos plenos de organizacións e grupos sen representación no Concello.

14- Impulso e regulación das iniciativas populares, dos referendos e das consultas cidadás.

Servizos Públicos

15- Remunicipalización progresiva dos Servizos Públicos Municipais a través da constitución dunha Comisión de Estudo para avaliar todas as posibilidades de recuperación da xestión pública.

16- Revisión do Contrato do suministro e saneamento do servizo da Auga. E derogación do mesmo (se procede) ca empresa Aqualia.

17.- Programa de apertura dos centros educativos e das súas instalacións fóra do horario lectivo e dos días lectivos para a realización de actividades pedagóxicas, culturais, lúdicas e deportivas.

18- Apertura dos comedores escolares durante as vacións e desenvolvemento de actividades socioeducativas e de ocio na procura da conciliación da vida familiar e laboral e das familias máis desfavorecidas.

19- Creación do Consello Local de Saúde para detectar e analizar carencias no coidado medioambiental (contaminación da auga, aire, hixiene, hábitos de saúde, alimentación, consumo, etc) e deseño de mecanismos de prevención e tratatamento destas problemáticas.

20- Plan de loita contra a pobreza infantil e a exclusión social en colaboración cos distintos colectivos sociais implicados nesta tarefa.

Economía, Fiscalidade e Emprego

ECONOMÍA E FISCALIDADE

21- Impulso do Foro Social e Económico. Cambio do modelo productivo avanzando na definición de novos nichos nos ámbitos social e medioambiental.

22- Revisión do Proxecto da Plataforma Loxística de Mercadorías (Porto Seco) en colaboración ca Xunta de Galicia atendendo á nova realidade económica do sector.

23- Auditoría das contas, da débeda e dos contratos públicos municipais.

24- Modificación das ordenanzas fiscais hacia unha fiscalidade progresiva e xusta que garanta o financiamento dos servizos públicos municipais.

25- Bonificacións fiscais sobre o imposto do IBI para persoas en risco de exclusión social, desempregados/as de longa duración e familias numerosas.

26- Aplicación dun recargo do IBI aos multipropietarios de vivendas, incrementando este imposto a partires da segunda vivenda en propiedade.

27- Duplicación da taxa de declaración de bens inmobles aos propietarios que non conserven as súas vivendas.

28- Cobro do Imposto dos Bens Inmobles a Igrexa Católica.

29- Bonificacións nos trámites e licencias de apertura de establecementos comerciais aos autónomos que abran un primeiro negocio.

30- Impulso da economía colaborativa: creación do Banco de Bens de Segunda Man e Bens Cedidos para a cesión de bens de segunda man en bo estado a persoas en risco de exclusión social en colaboración cos centros de ensino e os comerciantes locais.

EMPREGO

31- Plan de Dinamización da Economía Local que inclúa: asesoría gratuita a emprendedores supliendo así a carencia no concello tanto de cámara de comercio como de oficina do IGAPE.

32- Apoio á creación de cooperativas e empresas con contido social así como proxectos pertencentes a colectivos sensibles (mulleres desempregadas, desempregados de longa duración, persoas inmigrantes, persoas con diversidade funcional) e proxectos que apliquen xornada laboral reducida, criterios medioambientais ou de interese para a promoción e diversificación da economía local.

33- Impulso para a creación dunha cooperativa de crédito que facilite autonomía financeira á comarca así coma afianzar a aposta do concello pola economía social creando sinerxias tanto co Banco de Tempo como co Banco de Terras Municipal. (ver proposta num. 43)

34- Promover no exterior os produtos e servizos propios da comarca en colaboración directa con traballadores e empresas locais.

35- Introducción de pregos de condicións de obras e servizos municipais para primar ás empresas que oferten emprego estable, de calidade e introduzan criterios da redución da xornada laboral ás 35 horas semanais.

36- Control das empresas contratadas para a prestación de servizos mediante a revisión das cláusulas de contratación e prestación para que garantan condicións laborais e salariais dignas para as traballadoras e traballadores.

37- Creación dun comedor social xestionado entre usuarios e supervisado polos servizos sociais como medida para atender ás persoas máis desfavorecidas.

38- Deseño de plans sociais para a creación de bolsas de emprego garantizado dirixidos aos colectivos máis desfavorecidos para facilitar a contrucción de comunidades activas e participativas

Medio Ambiente, Urbanismo e Vivenda

39- Completar a tramitación do PEPRI (Plan Especial de Protección e Rehabilitación Integral) para a recuperación do casco vello.

40- Elaboración e publicación dun censo de vivendas baleiras e número de multipropietarios con referencia ao número de inmobles asociados, co obxectivo de facilitar o alugueiro social e a promoción dun sistema de vivendas tuteladas para persoas con diversidade funcional.

41- Elaboración dun Plan Integral de Mobilidade Urbana, dando prioridade o peon e ao emprego da bicicleta.

42- Bono social de transporte público para persoas con ingresos menores ao SMI.

43- Novo Plan de Transporte Público. Señalización das paradas e reconfiguración de rutas.

44- Creación do Banco de Terras Municipal que facilite o acceso a solo de cultivo en réxime de aluguer a persoas que carecen de terreos para esta actividade.

45- Posta en valor da Zona de Especial Conservación (ZEC) do Río Cabe e divulgación dos valores faunísticos e florísticos da mesma.

46- Novo Plan de fomento de separación selectiva. Enfatizar as vantaxes económicas para o erario público. Co papel-cartón e vidro o Concello podería aforrar adicionalmente 150000 € netos na vindeira Lexislatura. Estes cartos, xunto con fondos FEDER poderían destinarse a obras de mellora na EDAR industrial/municipal.

47- Apostar por Monforte como localización dunha das plantas de compostaxe contempladas no PXRUG 2010-2020.

48- Promover a horticultura ecolóxica, en escala variable, en tódolos Centros de ensino aportando os medios materiais e didácticos.

Cultura, Ocio e Deporte

49- Creación da Aula Municipal de Teatro e Danza como paso previo para a creación da Escola Municipal de Artes Escénicas.

50- Creación dunha radio municipal vía Internet ca participación directa nos contidos das organizacións e colectivos sociais monfortinos.

51 Creación do Centro Socio Cultural como punto de encontro entre creadores e activistas sociais. Programación consensuada das actividades a realizar entre a Concellería de Cultura e os distintos colectivos e profesionais interesados.

52-Creación do Consello Municipal de Cultura formado por artistas e profesionais do eido cultural. Órgano consultivo para impulsar e crear sinerxias nas distintas iniciativas culturais.

53- Impulso dun convenio de colaboración entre os concellos da Ribeira Sacra para a elaboración dunha Guía Turística que unifique espazos de interese e a axenda cultural.

54- Impulsar a creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística que desenvolva accións de promoción da lingua galega.

55- Apoio ao deporte de base e nos barrios e parroquias, con especial atención aos deportes minoritarios.

Muller e Igualdade

56- Creación da Concellería de Muller e Igualdade.

57- Deseño de políticas paritaria no acceso á contratación funcionarial e laboral-

58-Recoñecemento institucional das mulleres que ao longo da historia propiciaron o desenvolvemento cultural, académico, investigador e político da sociedade comezando pola feminización do rueiro.

59 Ordenanza Municipal contra a publicidade sexista e o emprego da figura da muller como obxecto de consumo.

60- Impulso do Foro Social da Muller para a promoción da economía feminista e o valor e recoñecemento dos coidados familiares.

61- Impulsar un Plan Activo de Concienciación e Sensibilización Social dende o CIM municipal (Centro de Información á Muller) en defensa dos dereitos das mulleres.